



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Asunto: ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA PROVEER TRANSITORIAMENTE UN POSTO DE TRABALLO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE SECRETARÍA DO CONCELLO DE PADRÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, EXPTE. 05/2021-SPFI.

ALEGACIÓNS FORMULADAS POR DAVID GAVILANES LÓPEZ.

En data 9 de novembro de 2021 e sendo as 10:00 horas, reúnese de maneira telermática, o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a selección de persoal funcionario interino da escala da administración xeral grupo C, subgrupo C2, polo sistema de oposición, baixo a presidencia de don Adrián Juan Márquez Caramés, secretario do Concello de Betanzos; e coa asistencia dos vogais: Don José Ángel Sorribas Bustelo, técnico de Administración xeral do Concello de Rois; Don José Marcelino Rivera Rarís, interventor accidental do Concello de Padrón e Don Gonzalo Hernáiz Cajaraville, auxiliar administrativo do Concello de Padrón; actuando como secretario Don Manuel Carramal Silva, técnico de Administración xeral da Deputación de Pontevedra, **quen dá fe do acto.**

ALEGACIÓNS AO PRIMEIRO EXAME TIPO TEST.- Dáse lectura das alegacións formuladas por don David Gavilanes López e en relación ao primeiro exame tipo test.

Por parte da persoa recorrente enténdese que:

1.- Na pregunta número 17 existen dúas respostas incorrectas.

A pregunta que figuraba no cuestionario do exame tiña o seguinte contido literal:

<p>17.- Conforme ao establecido no artigo 34 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo á produción e contido dos actos administrativos, sinala a resposta incorrecta:</p> <p>a) Os actos administrativos que ditén as Administracións Públicas, ben de oficio ou a instancia do interesado.</p> <p>b) O contido dos actos axustarase ao disposto polo ordenamento xurídico e será determinable e adecuado aos fins daqueles.</p> <p>c) O contido dos actos axustarase ao disposto polo ordenamento xurídico e será determinado e adecuado aos fins daqueles</p>	<p>17.- Conforme a lo establecido en el artículo 34 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, relativo a la producción y contenido de los actos administrativos, señale la respuesta incorrecta:</p> <p>a) Los actos administrativos que dicten las Administraciones Públicas, bien de oficio o a instancia del interesado.</p> <p>b) El contenido de los actos se ajustará a lo dispuesto por el ordenamiento jurídico y será determinable y adecuado a los fines de aquéllos.</p> <p>c) El contenido de los actos se ajustará a lo dispuesto por el ordenamiento jurídico y será determinado y adecuado a los fines de aquéllos.</p>
---	---

O Tribunal deu como resposta correcta a opción b).

Si se ten en conta o disposto no artigo 34 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que:

“1. Os actos administrativos ditados polas Administracións Públicas, ben de oficio ou por instancia do interesado, serán producidos polo órgano competente de acordo cos requisitos e co procedemento establecido.

2. O contido dos actos axustarase ao disposto no ordenamento xurídico e será determinado e adecuado para os efectos daqueles.”

Tanto a opción a) como a opción c) son correctas xa que forman parte do texto contido no artigo 34, co cal, a resposta correcta á pregunta formulada é a opción b).

2.- Na pregunta número 54 entende a persoa alegante que todas as respostas son incorrectas. A pregunta que figuraba no cuestionario do exame tiña o seguinte contido literal:

54.- Segundo o artigo 29 da Lei 2/2015, do 29 de	54.- Según el artículo 29 de la Ley 2/2015, de 29 de
--	--

<p>abril, do emprego público de Galicia:</p> <p>a) Teñen a condición de persoal eventual as persoas que, en virtude de nomeamento e con carácter permanente, só realizan funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial.</p> <p>b) O persoal eventual en ningún caso pode realizar actividades comúns de xestión ou de carácter técnico, nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira.</p> <p>c) O persoal eventual cesa automaticamente en todo caso cando se produza o seu cese ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento</p>	<p>abril, del empleo público de Galicia:</p> <p>a) Tienen la condición de personal eventual las personas que, en virtud de nombramiento y con carácter permanente, solo realizan funciones expresamente cualificadas como de confianza o asesoramiento especial.</p> <p>b) El personal eventual en ningún caso puede realizar actividades comunes de gestión o de carácter técnico, ni ninguna de las funciones que corresponden al personal funcionario de carrera.</p> <p>c) El personal eventual cesa automáticamente en todo caso cuando se produzca su cese o expire el mandato de la autoridad a la que presten su función de confianza o asesoramiento.</p>
--	--

O Tribunal deu como resposta correcta a opción b).

O artigo 29 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia dispón que:

1. Teñen a condición de persoal eventual as persoas que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realizan funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, retribuídas con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.

2. Para os efectos previstos neste artigo, enténdese por funcións de confianza ou asesoramento especial aquelas en as que concorran as seguintes circunstancias:

a) Asesoramento vinculado ao desempeño e formulación de estratexias e propostas de actuación ou difusión no ámbito das competencias da autoridade que efectuou o nomeamento, ou apoio que supoña unha colaboración de carácter reservado.

b) Non estar reservadas a persoal funcionario.

c) Especial dedicación e dispoñibilidade horaria.

3. O persoal eventual en ningún caso pode realizar actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira.

Dada a pregunta formulada e as opcións plantexadas, a resposta correcta é a opción b).

Por outra banda, a persoa alegante sinala no seu escrito unha fórmula para a determinación da nota.

A base 9.1 das que regulan o procedemento selectivo dispón que:

A) Primeiro exercicio. Terá carácter eliminatorio e consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 60 preguntas tipo test, máis tres (3) de reserva, que versarán sobre os temas relacionados no Anexo III a estas bases e para a realización do cal as e os aspirantes disporán como máximo de 60 minutos. Cada pregunta terá 3 alternativas de resposta, das cales tan só unha será correcta. Inclúiranse ademais tres (3) preguntas de reserva para o suposto de que o Tribunal, de oficio ou con base nalgunha reclamación, anulase algunha ou algunhas das preguntas incluídas no exercicio, o que se fará público no Taboleiro electrónico e no de anuncios da Casa do Concello. As respostas ás preguntas de reserva só serán valoradas si finalmente algunha resultase anulada e deberán ser contestadas no mesmo tempo dos 60 minutos. Cada persoa opositora poderá obter copia do exercicio realizado ao seu remate e no prazo das vinte e catro (24) horas seguintes ao de celebración, farase público no lugar de realización das probas, no Taboleiro electrónico e no de anuncios da Casa do Concello as respostas correctas ao test. **Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos. Para iso terase en conta que por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta e as non contestadas non puntuarán.** As persoas aspirantes que non acaden a puntuación mínima quedarán excluídas do procedemento.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Polo tanto, non se establece unha fórmula concreta para a determinación da nota. O tribunal para poder determinar as notas tivo en conta as bases do procedemento selectivo coa aplicación dunha regra de tres.

En base ao anteriormente exposto, o Tribunal adopta por unanimidade, a decisión de desestimar as alegacións formuladas por don David Gavilanes López.

FINALIZACIÓN DA SESIÓN: Ás 10:47 horas o presidente da por rematada a sesión, do que eu secretario dou fe.